

## **Prazo de presentación**

Martes 22 de maio- Venres 22 de xuño

## **Obxecto da convocatoria**

Esta orde ten por obxecto regular:

**Participación no fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.

**Axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria.

**Axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria.

## **Presentación de solicitudes**

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

**A solicitude será única para todos os fillos** e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2018/19, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. **No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica** empregando a aplicación Fondolibros **será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.**

As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros(<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

**Opcionalmente**, poderanse presentar as solicitudes **presencialmente no centro.**

**Documentación complementaria** necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitude (anexo I)** a seguinte documentación:

a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) **Copia do libro de familia** onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

2º. Certificado ou volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

A documentación complementaria (que acompañe á solicitude) presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente no centro docente, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.